



ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE MOS PARA REALIZAR A REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA REITORAL DE PETELOS, FASE 3, ACTUACIÓN 1: MUROS, MOS (PONTEVEDRA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co concello de Mos, o instrumento conxenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e o concello de Mos para realizar a rehabilitación da antiga casa reitoral de Petelos, fase 3, Actuación 1: Muros, Mos, Pontevedra.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Con data 11 de xullo de 2025, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante CCLX) e o concello de Mos, asinaron un convenio cunha vixencia estipulada ata o 31/12/2026, para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Petelos, fase 3, Actuación 1: Muros, Mos, Pontevedra ao longo dos exercicios 2025 e 2026, coa seguinte desagregación por anualidades:

2025:	100.000,00 €
2026:	100.000,00 €
TOTAL:	200.000,00 €

A necesidade desta addenda é consecuencia segundo indica o informe do arquitecto municipal, da demora do inicio da licitación das obras por parte do concello ata o momento en que recibiron autorización do proxecto por parte da DXPC.



A addenda que se propón ten como obxecto modificar as cláusulas segunda “Orzamento e financiamento”, oitava “Xustificación de fondos e pagamento e décimo quinta “Vixencia do convenio” do convenio de colaboración asinado o 11 de xullo de 2025 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o concello de Mos.

2025:	50.000,00 €
2026:	150.000,00 €
TOTAL	200.000,00 €

A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura Da addenda ao convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

